

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE

1. Sen prexuízo de que o solicitante presente calquera outro documento que estime oportuno e de que a Deputación poida requirir calquera outra documentación que sirva para a mellor xustificación dos feitos que motivan a solicitude, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación obrigatoria:

- 1) Fotocopias do anverso do DNI do debedor, se é unha persoa física, e o do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
 - 2) No caso de que o titular da conta sexa distinto do debedor, fotocopias do anverso do DNI do titular da conta, se é unha persoa física, e o do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
 - 3) Acreditación da representación, no seu caso.
 - 4) **Cando o importe da débeda exceda de 30.000,00 €**, xustificación da existencia de dificultades económico-financieiras que impiden ao debedor de forma transitoria efectuar o pago no prazo ordinario establecido. Sen prexuízo de que o debedor poida presentar calquera outro que estime oportuno, requiriranse con carácter xeral os seguintes documentos:
 - a) Se o debedor non está obrigado por lei a levar contabilidade:
 1. Copia íntegra da declaración polo IRPF correspondente ao último exercicio ou, na súa falta, certificación da AEAT de non estar obrigado a presentala.
 2. Se recibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido pola Seguridade Social ou organismo competente en cada caso.
 3. No seu caso, certificación da prestación por desemprego, facendo constar o seu importe, ou de atoparse en situación de demanda de emprego, expedidas polo organismo competente.
 - b) Se o debedor é unha persoa obrigada por lei a levar contabilidade:
 1. Último balance de comprobación de sumas e saldos, certificado pola persoa ou órgano que corresponda.
 - 5) Se algunha débeda foi determinada mediante autoliquidación, o modelo oficial desta, debidamente cuberto, salvo que o debedor non estea obrigado a presentalo por obrar xa en poder da Deputación; en tal caso, sinalará o día e procedemento en que o presentou.
 - 6) Cando o solicitante sexa un sucesor por falecemento do debedor, a acreditación do falecemento do devandito debedor e da súa condición de sucesor; a partir dese momento, o sucesor asumirá os dereitos e obrigas que corresponderían ao debedor en relación coa solicitude presentada.
 - 7) Acreditación da titularidade da conta de cargo. Cando sexa de titularidade do debedor, esta poderá acreditarse con calquera documento emitido pola entidade de crédito no que conste o IBAN da conta, o BIC da entidade bancaria e o nome e apelidos ou razón social do titular. Se o solicitante non fose o titular da conta de cargo requirirse, ademais, autorización expresa deste para que se realicen os cargos na conta da súa titularidade, acompañada de fotocopia do anverso do DNI da persoa que asine a autorización.
2. **Cando o importe da débeda exceda de 30.000,00 €** e deba achegarse garantía, requirirse con carácter preferente compromiso de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou de certificado de seguro de caución, axustados aos modelos oficiais aprobados pola Deputación.
3. Cando se solicite a admisión de garantía distinta de aval ou certificado de seguro de caución, ademais da documentación esixida con carácter xeral deberá achegarse a seguinte documentación:
- 1) Xustificación da imposibilidade de obter o devandito aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.
Esixirase certificado emitido polas entidades de crédito ou caución coas que habitualmente opere o debedor. Polo menos deberá acreditarse o intento de obtención de aval na entidade de crédito en que estea aberta a conta de cargo das fraccións ou prazos, cando sexa de titularidade do debedor.
 - 2) Valoración dos bens ofrecidos en garantía, efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes e cunha antigüidade máxima de seis meses dende a data da súa emisión ata a de presentación. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a valoración deberá efectuarse, preferentemente, por unha empresa ou profesional inscrito no devandito rexistro.
A valoración dos bens esixirase igualmente, aínda que os mesmos fosen ofrecidos con ocasión doutro aprazamento ou fraccionamento solicitado con anterioridade, se, polo tempo transcorrido ou pola natureza dos bens, se considerase necesario.
 - 3) Contas anuais do último exercicio pechado e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.
As contas anuais deberán ser as depositadas no Rexistro Mercantil.
4. Cando se solicite dispensa particular, sexa total ou parcial, de garantías, achegaranse, ademais dos documentos esixidos con carácter xeral, os seguintes:
- 1) Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.
A estes efectos, o debedor deberá achegar necesariamente as correspondentes certificacións do Catastro e do Rexistro da Propiedade.
 - 2) Xustificación da imposibilidade de obter aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.
Esixirase certificado emitido polas entidades de crédito ou caución coas que habitualmente opere o debedor. Polo menos deberá acreditarse o intento de obtención de aval na entidade de crédito na que estea aberta a conta de cargo das fraccións ou prazos, cando sexa de titularidade do debedor.
 - 3) Contas anuais dos tres últimos exercicios pechados e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade. As contas anuais deberán ser as depositadas no Rexistro Mercantil.
 - 4) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.